

**PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA**  
**2º EDUCACIÓN PRIMARIA**

<b>ÍNDICE</b>	<b>PÁXINA</b>
1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	3
3. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS.....	6
4. CONCRECIÓN CURRICULAR.....	7
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	23
6. MATERIAIS E RECURSOS.....	25
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	26
8. AVALIACIÓN INICIAL .....	38
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	39
10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	41

## PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

11. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.....	42
12. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.....	42

### **1.INTRODUCCIÓN**

O grupo de 2º de E.P. está formado por tres nenas e catro nenos, que comparten aula e tamén as sesións de lingua estranxeira co grupo de 1º de E.P., En xeral repiten as características dos alumnos de 1º de E.P., aínda que xa están máis afeitos ao traballo escolar coñecendo mellor as normas de clase e as rutinas establecidas na área.

O centro está ubicado na zona rural e o nivel socio económico e cultural das familias é medio-baixo, polo que cómpre compensar cos recursos da escola as carencias que presenta o alumnado. Aínda hai zonas que non dispoñen de conexión a internet e o transporte público é deficiente para comunicar os lugares da zona de influencia do centro con Ferrol. Bastantes alumnos e alumnas do centro acoden ás actividades extra escolares ofertadas desde o centro polo concello, e algúns tamén asisten a outras actividades fóra do colexio.

### **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

#### **Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ó desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

## *PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.*

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

### ▪ **Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

### ▪ **Competencia para aprender a aprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendabilízase enormemente ó incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro, entre outras.

### ▪ **Competencias sociais e cívicas**

As linguas non só serven ós falantes para comunicarse socialmente, senón que tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

### ▪ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

## PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente ós demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

### ▪ **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

### COMPETENCIA CD

#### ESTÁNDAR

PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.

### COMPETENCIA CL

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

ESTÁNDAR	
PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.	
PLEB1.4. Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna ( <i>Open/close the book, sit down...</i> ).	
PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.ex. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	
PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.	

COMPETENCIA CEC

ESTÁNDAR
PLEB5.15. Amona interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.

COMPETENCIA SIEE

ESTÁNDAR
PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.

COMPETENCIA CSC

## PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

ESTÁNDAR
PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao d.
COMPETENCIA AA

ESTÁNDAR
PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades..

### **3. OBXECTIVOS**

b/ Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c/ Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

f/ Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolvemento en situacións cotiás.

i/ Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

### **4. CONCRECIÓN CURRICULAR**

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC.CC.	TRIMESTRE	PESO	GRAO MÍNIMO
BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS							
b f	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Iniciación, a través do xogo e da expresión corporal e musical, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación moi sinxelas conectadas cos intereses do alumnado.</p> <p>Captación da idea global e identificación dalgúns elementos específicos en textos orais, con axuda de</p>	<p>B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.</p> <p>B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.</p>	<p>PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.</p>	CCL	1º 2º 3º	5%	2,5%
			<p>PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.</p>	CCL	1º 2º	3%	1,5%
			<p>PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.</p>	CCL CAA	1º	3%	1,5%



PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC.CC.	TRIMESTRE	PESO	GRAO MÍNIMO
	<p>elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.</p> <p>Identificación do tema de textos sinxelos, adaptados á idade e próximos á súa experiencia (contos, rimas, cancións...).</p> <p>Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos para verbais.</p> <p>Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixital.</p> <p>Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.</p> <p>Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación sinxelos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, e ton da lingua estranxeira</p>	<p>B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.</p> <p>B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.</p>	<p>PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...).</p>	CCL	1º	3%	1,5%

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC.CC.	TRIMESTRE	PESO	GRAO MÍNIMO
<b>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>							
b c i	<p><b>B2.1. Estratexias de produción:</b></p> <p><b>Planificación:</b></p> <p>Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.</p> <p><b>Execución:</b></p> <p>Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.</p> <p>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais.</p> <p>Usar linguaxe non verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).</p> <p>Sinalar obxectos ou realizar accións que aclaren o significado.</p> <p>Participar en representacións,</p>	<p><b>B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).</b></p> <p><b>B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.</b></p> <p><b>B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</b></p>	<p>PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.</p>	CCL	2º	5%	2,5%
			<p>PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).</p>	CCL	2º	3%	1,5%
			<p>PLEB2.3. Aмосa unha actitude de escoita atenta.</p>	CSC	1º 2º 3º	3%	1,5%
			<p>PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.</p>	CCL CSC	2º	3%	1,5%

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC.CC.	TRIMESTRE	PESO	GRAO MÍNIMO
	<p>memorizar e recitar poemas, cantar cancións, contar contos etc., empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).</p> <p>Reproducir textos orais coñecidos, repetir e reproducir de acordo con modelos orais.</p> <p>Imitar situacións de comunicación breves a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc.</p> <p>Participar con actitude de colaboración en xogos, dramatizacións... que precisen de sinxelas intervencións orais.</p> <p>Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación, seguindo modelos.</p> <p>Participar oralmente en situacións reais ou simuladas a través de</p>		<p>PLEB2.5. Aмосa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.</p> <p>10</p>	CSC	1º 2º 3º	3%	1,5%

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC.CC.	TRIMESTRE	PESO	GRAO MÍNIMO
BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS							
b f	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Activación progresiva dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema de textos próximos a súa idade.</p> <p>Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos, cancións, rimas...) co apoio das ilustracións correspondentes.</p> <p>Identificación de palabras clave do texto, relacionadas</p>	<p>B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.</p> <p>B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.</p> <p>B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas</p>	PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	CCL	1º	5%	2,5%
			PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.	CCL	1º	3%	1,5%
			PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	CCL CAA	1º 2º	3%	1,5%

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC.CC.	TRIMESTRE	PESO	GRAO MÍNIMO
	<p>cos e coas personaxes e o contexto co apoio de ilustracións.</p> <p>B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>B3.3. Padróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:</p> <p>Identificación y uso de léxico e de estruturas elementais propias da lingua estranxeira, previamente empregadas.</p> <p>Asociación global de grafa, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</p>	<p>relacionados coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.</p> <p>B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando una entoación e pronuncia adecuadas</p>	<p>PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.</p>	<p>CCL CAA</p>	<p>2º 3º</p>	<p>2%</p>	<p>1%</p>

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC.CC.	TRIMESTRE	PESO	GRAO MÍNIMO
BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS							
b f i	<p><b>B4.1. Estratexias de produción:</b></p> <p><b>Planificación:</b>                      Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral... próximos a súa idade.</p> <p><b>Execución:</b>                      Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.                      Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e material dixital adaptado á súa idade.                      Seleccionar e empregar progresivamente o léxico adecuado ao tema.</p>	<p>B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p> <p>B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.</p> <p>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha</p>	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.	CCL	2º	3%	1,5%
			PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.	CCL	2º	2%	1%
			PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	CCL CAA	2º	3%	1,5%
			PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).	CCL CAA	1º	3%	1,5%

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC.CC.	TRIMESTRE	PESO	GRAO MÍNIMO
	<p>Iniciarse no uso dalgún recurso cohesivo para non repetir palabras.</p> <p>Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais sinxelas e de lectura.</p> <p>Iniciarse no emprego de materiais dixitais próximos a súa idade para reproducir mensaxes escritos sinxelos.</p> <p>B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:</p> <p>    Uso dos signos de puntuación máis básicos.</p> <p>    Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</p>	<p>ortografía totalmente normalizada.</p>	<p>PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.</p>	CCL	2º	3%	1,5%

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC.CC.	TRIMESTRE	PESO	GRAO MÍNIMO
BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL							
b f	<p>B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.</p> <p>Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>B5.2. Funcións comunicativas:</p>	<p>B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.</p> <p>B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.</p> <p>B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.</p> <p>B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.</p> <p>B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.</p> <p>B5.6. Comprender e expresar a posesión.</p>	<p>PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.</p>	CCL	1º 2º 3º	3%	1,5%
			<p>PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.</p>	CSC	1º	5%	2,5%
			<p>PLEB5.7. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.</p>	CCL	2º	3%	1,5%
			<p>PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.</p>	CCL	2º	3%	1,5%
			<p>PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.</p>	CCL CSC	3º	3%	1,5%



PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC.CC.	TRIMESTRE	PESO	GRAO MÍNIMO
	<p>Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.</p> <p>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).</p> <p>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os animais máis próximos a súa contorna, bebida...</p> <p>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico etc.</p> <p>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc.</p> <p>Identificación e seguimento de instrucións.</p>	<p>B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.</p> <p>B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p> <p>B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</p> <p>B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.</p> <p>B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.</p> <p>B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</p>	PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.	CCL CSC	2º	3%	1,5%
			PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.	CCL	2º	3%	1,5%
			PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións etc.	CSC	1º 2º 3º	3%	1,5%
			PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).	CCL	1º	3%	1,5%
			PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.	CCL CAA	1º 2º 3º	3%	1,5%

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC.CC.	TRIMESTRE	PESO	GRAO MÍNIMO
	Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.	B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas	PLEB5.15. Amona interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.	CCL CSC	1º 2º 3º	3%	1,5%

PROGRAMACIÓN LINGUA ESTRANXEIRA 2º E. P.

OBX	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC.CC.	TRIMESTRE	PESO	GRAO MÍNIMO
	<p>Expresión do que lle gusta e non lle gusta.</p> <p>Identificación dos materias que compoñen os obxectos.</p> <p>Identificación das partes do corpo e da cara.</p> <p>Identificación dos membros da familia próximos.</p> <p>Identificación dos elementos máis próximos á súa contorna.</p> <p>Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción en negativa e afirmativa.</p> <p>Realización de preguntas e respostas en relación ao permiso e axuda.</p> <p>Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo.</p> <p>Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade.</p> <p>B5.3. Estructuras sintáctico-discursivas: Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como</p>	<p>habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.</p> <p>B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.</p> <p>B5.15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.</p>	<p>PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.</p>	CCL	3º	3%	1,5%



## **5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS**

### **Bases metodolóxicas:**

**O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos;** centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ó alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ó que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

**A aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer.

**As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe;** por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

**Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes;** de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopar actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

**A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade;** eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. En cada unha das unidades hai unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do mestre. Esta intervención será activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra o alumno/a, debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as

actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

**Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.** O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxanse ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrir as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

**A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe;** empregárase un Caderno de Avaliación con follas de avaliación fotocopiabes para cada unidade, que permitirán ao mestre anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno.

**A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.** O noso proxecto toma en conta esta situación ó ofrecer actividades inter relacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

**Unha aprendizaxe permanente.** Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse senon en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cales o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

### **Recursos tecnolóxicos dispoñibles no centro**

- Vídeo
- TV
- Radiocasete/ reprodutor CD
- Cámara de vídeo
- Ordenadores
- Encerado Dixital Interactivo

### **Recursos espaciais dispoñibles no centro**

- Aula de idiomas
- Aula de ordenadores
- Patio
- Ximnasio
- Sala de usos múltiples
- Biblioteca

### **Distribución do espazo dentro da aula**

- Distribución de pupitres en “U”
- Recantos específicos: biblioteca de aula, temas transversais, xogos, manualidades, etc.

### **MATERIAIS CURRICULARES**

ROOFTOPS 2 - **Oxford University Press**

*Guía do Profesor, Libro do Alumno, Audio CDs, Teacher's Resource Pack, Caderno de Avaliación, DVD, IPACK*

## **7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN**

A aprendizaxe do alumno debe ser avaliada sistemática e periodicamente, tanto para medir individualmente os coñecementos e competencias adquiridas como para, e por el, introducir no proceso educativo cantas sexan precisas se a situación o require (cando a aprendizaxe dos alumnos non responden para o que, *a priori*, non se espera deles).

Se asumimos que as competencias clave supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o alumno as adquiriu é reproducir situacións máis reais posibles de aplicación, e nesas situacións o común é que o alumno se sirva desa bagaxe acumulada (todo tipo de contidos) pero responda, sobre todo, a situacións prácticas.

A **avaliación por competencias** permite avaliar tanto o cumprimento dos obxectivos do curso, como o grao de adquisición das competencias clave. Algúns criterios son ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente á procedementos e actitudes.

En función do obxectivo que persigamos avaliar, contamos con varias modalidades, como é o caso da **avaliación sumativa**, realizada en diferentes momentos do curso e que temos que identificar coas finais de avaliación e de curso (ordinaria e extraordinaria, cando sexa o caso). Haberá outras avaliacións, como a **inicial** (non clasificada) e a final e, sobre todo, a **continua** ou formativa, aquela que ocorre durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe, inmersa nel, e que insiste, polo tanto, no carácter orientador e de diagnóstico do ensino.

Realizarase ademais unha **avaliación individualizada** a tódolos alumnos ó finalizar 3ª serie primaria na que o alumno deberá demostrar o grao de adquisición das competencias en comunicación lingüística e matemática. Ó final da 6ª serie primaria deberá tamén demostrar o grao de adquisición de competencias clave, así como a realización dos obxectivos da etapa.

O resultado das avaliacións individualizadas expresarase en niveis e se constarán nun informe de carácter informativo e orientador que se entregará ós pais ou titores. O nivel obtido será indicativo da progresión e a aprendizaxe dos alumnos, polo que se non son adecuados deberán aplicarse as medidas ou programas máis apropiados para eles.



Ademais de avaliar a aprendizaxe dos alumnos, tamén se avalía o proceso de ensino dos profesores, polo que quedará incluído un procedemento de avaliación dos programas didácticos e seus indicadores na proposta pedagóxica de cada centro escolar.

### **Procedementos de avaliación**

Atendendo ós diferentes criterios, o currículo propón unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso de avaliación **formativa**, serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración tódalas *producións* para o desenvolvemento, tanto de carácter individual como de grupo: traballos escritos, presentacións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros. E a avaliación sumativa, as probas escritas trimestrais e as de recuperación (e final de curso, se o alumno non tivera recuperado algunha, e extraordinaria, no caso de obter unha clasificación insuficiente na ordinaria final de curso). En todo caso, os procesos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse a flexibilidade que esixe a propia avaliación.

### **INDICADORES COMPETENCIAIS**

O currículo tamén establece uns **criterios de avaliación** e uns **estándares de aprendizaxe avaliábeis** por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos do curso. Con respecto á avaliación por **competencias**, dado que estes son moi xenéricos, debemos concentrarnos moito máis, as compartir para facer con que nos sirvan como referencia para a acción educativa e para demostrar a competencia do alumno, e é o que chamamos de **indicadores**.

#### **1. Competencia en comunicación lingüística (CL)**

<b>Indicadores</b>
CL1. ESCOITAR
CL1.1. Identifica palabras, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.
CL1.2. Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese .
CL1.3. Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.
CL1.4. Recoñece aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación de expresións que aparecen nos contextos comunicativos habituais.
CL2. FALAR
CL2.1. Canta unha canción empregando de maneira axeitada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados.

CL2.2. Recita cantigas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.
CL2.3. Participa en representacións sinxelas.
<b>CL3. CONVERSAR</b>
CL3.1. Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.
<b>CL4. LER</b>
CL4.1. Le palabras presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares e de interese.
CL4.2. Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese.
<b>CL5. ESCRIBIR</b>
CL5.1. Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade específica.
CL5.2. Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica.

## 2. Competencia matemática, científica e tecnolóxica (CMCT)

<b>Indicadores</b>
CMCT1. Conta números ata o 10.
CMCT2. Resolve problemas sinxelos.
CMCT3. Relaciona os elementos e recursos fundamentais coa vida das persoas.
CMCT4. Aplica nocións e conceptos científicos moi básicos para entender o mundo que os rodea.
CMCT5. Identifica algunhas especies de seres vivos.
CMCT6. Identifica características das diferentes etapas da vida das persoas.

## 3. Competencia dixital (CD)

<b>Indicadores</b>
CD1. Utiliza o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.

## 4. Aprender a aprender (AA)

Indicadores
AA1. Usa estratexias para aprender a aprender, como usar dicionarios visuais.
AA2. Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.
AA3. Usa estratexias básicas de interacción, como pedir axuda, acompañar á comunicación con xestos, etc.

### 5. Competencias sociais e cívicas (SC)

Indicadores
SC1. Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.
SC2. Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación coas outras persoas.

### 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)

Indicadores
SIEE1. Mostra interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira.
SIEE2. Identifica aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor.

### 7. Conciencia e expresións culturais (CEC)

Indicadores
CEC1. Recoñece algunhas manifestacións culturais presentes no mundo anglosaxón.
CEC2. Realiza composicións plásticas sinxelas.
CEC3. Reproduce esquemas rítmicos e melódicos coa voz.
CEC4. Participa e goza dos xogos e escenificacións.

## RÚBRICA DE COMPETENCIAS

INDICADORES - COMPETENCIAS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN						NIVEIS DE CALIFICACIÓN						
	Observación	Proba escrita	Proba oral	Caderno de clase			I	N	SU	BI	NT	S	B
							Non conseguido	Conseguido con nivel baixo	Conseguido con nivel medio	Conseguido con nivel alto	Conseguido totalmente		
<b>COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</b>													
<b>ESCOITAR</b>													
Identifica palabras, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.	x	x	x	x									
Identifica frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese	x		x										
Capta a idea global en textos orais e identifica algúns detalles específicos coa axuda dos elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.		x	x										
Recoñece aspectos sonoros, de ritmo, acentuación e entoación de expresións que aparecen nos contextos comunicativos habituais.	x		x										
<b>FALAR</b>													
Canta unha canción empregando de maneira axeitada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados.	x												
Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronuncia axeitadas.	x												
Participa en representacións sinxelas.	x												

INDICADORES - COMPETENCIAS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN						NIVEIS DE CALIFICACIÓN						
	Observación	Proba escrita	Proba oral	Caderno de clase			I	N	SU	BI	NT	S	B
							Non conseguido	Conseguido con nivel baixo	Conseguido con nivel medio	Conseguido con nivel alto	Conseguido totalmente		
<b>CONVERSAR</b>													
Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.	x		x										
<b>LER</b>													
Le palabras presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares e de interese.	x	x											
Le frases sinxelas presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares de interese.	x		x										
<b>ESCRIBIR</b>													
Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade específica.	x	x		x									
Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica.	x	x		x									
<b>COMPETENCIA MATEMÁTICA, CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA</b>													
Conta números ata o 10.		x	x										
Resolve problemas sinxelos.		x		x									
Relaciona os elementos e recursos fundamentais coa vida das persoas.	x		x										
Aplica nocións e conceptos científicos moi básicos para entender o mundo que os rodea.	x												
Identifica algunhas especies de seres vivos.	x			x									

INDICADORES - COMPETENCIAS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN						NIVEIS DE CALIFICACIÓN						
	Observación	Proba escrita	Proba oral	Caderno de clase			I	N	SU	BI	NT	S	B
							Non conseguido	Conseguido con nivel baixo	Conseguido con nivel medio	Conseguido con nivel alto	Conseguido totalmente		
Identifica algunhas características das diferentes etapas da vida das persoas.		x		x									
<b>COMPETENCIA DIXITAL</b>													
Utiliza o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.	x												
<b>APRENDER A APRENDER</b>													
Usa estratexias básicas para aprender a aprender, como utilizar dicionarios visuais.	x			x									
Usa estratexias básicas de comprensión como captar a idea global en textos orais coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.	x		x										
Usa estratexias básicas de interacción, como pedir axuda, acompañar a comunicación con xestos, etc.	x		x										
<b>COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS</b>													
Participa e goza dos xogos e escenificacións axustando a súa actuación á relación cos compañeiros e compañeiras.	x												
Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación coas outras persoas.	x												
<b>SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR</b>													
Mostra interese e curiosidade por aprender a lingua estranxeira.	x												
Identifica aspectos persoais que lle axudan a aprender mellor..	x												

<b>CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS</b>														
Recoñece algunhas manifestacións culturais presentes no mundo anglosaxón.	x	x	x	x										
Realiza composicións plásticas sinxelas	x			x										
Reproduce esquemas rítmicos e melódicos coa voz.	x		x											
Participa e goza dos xogos e escenificacións.	x													

## RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE CONTIDOS

Estándares de aprendizaxe e actividades específicas na unidade	Niveis de adquisición				Instrumentos de avaliación			
	En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente	Observación	Proba escrita	Proba oral	Outros
<b>BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>								
PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronunciación ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.								
PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.								
PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.								
PLEB1.4. Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna ( <i>Open/close the book, sit down...</i> ).								
<b>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: PRODUCCIÓN E INTERACCIÓN</b>								
PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.								
PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).								
PLEB2.3. Mostra unha actitude de escoita atenta.								
PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p. ex., cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.								
PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.								



<b>BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>								
PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.								
PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica as personaxes principais.								
PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.								
PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.								
<b>BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>								
PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.								
PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.								
PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.								
PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).								
PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e dos outros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.								
<b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONCIENCIA INTERCULTURAL</b>								
PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas...) e os compara cos propios, mostrando unha actitude de apertura cara ó diferente.								
PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.								
PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.								
PLEB5.4. Diferencia saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía ( <i>Please, thank you, excuse me, ...</i> ).								

<b>BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>								
PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado								
PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas								
PLEB5.7. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.								
PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.								
PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.								
PLEB5.10. Diferencia preguntas e respostas moi simples.								
PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.								
PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc.								
PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais ( <i>happy/sad, bored...</i> ).								
PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.								
PLEB5.15. Aмосa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.								
PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.								

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

- Probas obxectivas de avaliación de contidos: 30%
- Probas de avaliación de competencias: 30%
- Actividades orais e escritas: 20%
- Actitude: 20%

## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e final de educación primaria.

### **Consideracións de obrigado cumprimento:**

A decisión de promoción ou non promoción será adoptada polo equipo de profesores e profesoras que imparten docencia ao grupo de alumnos e alumnas, tendo especial consideración a información e o criterio do titor ou titora.

O alumnado acadará a promoción sempre que alcance o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e un axeitado grao de madurez.

Tamén se promoverá cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo curso, neste caso se adoptarían medidas de apoio precisas para recuperar as aprendizaxes non alcanzadas.

No suposto de que a decisión sexa negativa, será preceptivo o trámite de audiencia previa dos pais ou tutores do alumno por parte do/a mestre/a titor/a. O claustro deste centro, con carácter xeral, establece as seguintes normas na promoción ou non promoción:

- 1 **Promocionará** aquel alumno/a que obteña cando menos a cualificación de SUFICIENTE en todas as áreas.
- 2 **Promocionará** o/a alumno/a que, aínda que non obteña a cualificación de SUFICIENTE en todas as áreas xa permanecera un ano máis no ciclo.
- 3 **Non promocionará** o/a alumno/a que teña a cualificación de INSUFICIENTE en dúas áreas si estas son as das linguas (galego e castelán) ou ben unha área das citadas de lingua e a de matemáticas. E ó mesmo tempo teña un desenvolvemento das competencias básicas e un grao de madurez tal, que dificulten gravemente o seu traballo no ciclo seguinte.
- 4 **O alumno con NEAE será avaliado tendo en conta a súa adaptación curricular significativa**, é dicir, tomaranse como referencia para a súa promoción os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas respectivas adaptacións.

## **8.AVALIACIÓN INICIAL**

Na área de Lingua Estranxeira, tratándose dunha materia de avaliación continua, é constante a revisión e a reciclaxe de vocabulario e expresións de alta frecuencia. O curso empeza sempre cunha unidade de repaso para actualizar o asimilado en cursos anteriores e aprovéitase para facer unha revisión e recuperar todo o necesario para afondar un pouco máis no coñecemento da lingua. Por medio de xogos e actividades lúdicas detéctanse os puntos febles, así como os alumnos e alumnas que precisan un traballo máis intenso. O caderno de clase, que volven a empregar, serve de elemento de consulta para aqueles que necesitan apoio visual para revisar vocabulario ou estruturas traballadas no curso anterior.

Os resultados desta observación inicial determinarán as medidas a adoptar, en moitos casos é preciso preparar actividades de reforzo de grupo ou individuais, así como de extensión, pois o alumnado presenta distintos niveis.

O desexable é poder agrupar aos alumnos de xeito que poidan axudarse entre si e participar todos nas actividades cada un coas súas posibilidades.

## **9.MEDIDAS DE ATENCIÓN PARA A DIVERSIDADE DOS ALUMNOS**

Un dos elementos que máis promovía a LOE e segue promovendo coa LOMCE é a *atención á diversidade*. É claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.

É por esta razón que, en moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou a metodoloxía para que tódolos alumnos poidan alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos. A atención para a diversidade debe ser sempre realizada en ambas as direccións. Así, constantemente se deberá abordar estas diferenzas, presentando as mesmas actividades de forma diferente ás actividades propostas no libro do alumno e no caderno. Os profesores deben escoller a quen dirixir e propoñer algunhas actividades ou outras, e deberán ser conscientes en todo momento destas diferenzas, non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Proporanse actividades de reforzo e extensión que permitan dar unha atención individualizada ós alumnos segundo as súas necesidades e ritmo de aprendizaxe.

### ***Critérios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos con necesidades educativas especiais***

As adaptacións se centrarán en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Metodoloxía máis personalizada
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
5. Aumentar a atención orientadora
6. Enriquecemento curricular
7. Avaliacións adoptadas para as necesidades destes alumnos

**a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais:** facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados ás necesidades destes alumnos para permitirlles alcanzar o seu máximo potencial.

**b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo:** adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permitan continuar con aproveitamento nos seus estudos.

**c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:** adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou nos materiais considerados como tales.

## **ACTIVIDADES DE REFORZO**

Deséñanse actividades de reforzo para cada obxectivo, contidos e competencias.

As actividades de reforzo poden ser realizadas cando o remate dunha unidade ou dada a importancia que lle confira o mestre no momento preciso en que se estea a traballar un contido específico e en función da diversidade que se atope cos alumnos.

Para as actividades de reforzo dos alumnos con NEAE se contará co asesoramento das especialistas de PT e AL e co orientador do centro.

As actividades de reforzo poderán ser: as propostas polas editoriais, de elaboración propia, suxeridas polos especialistas en orientación, PT e/ou AL, atopadas en páxinas WEB de recursos educativos e as que se elaborarán no presente curso escolar.

Se é posible e para facelo máis atractivo e que resulte como un reforzo máis, ditas actividades de reforzo se realizarán nos PC de aula o da aula de informática.

Na aula de informática disporase dunha batería de páxinas WEB con recursos educativos, que previamente introducirán nos escritorios dos distintos PC o equipo de dinamización das TIC. Elaborando tamén unha listaxe para os mestres e deixando esta listaxe no taboleiro da sala de profesores.

En ocasións puntuais ditas actividades poden ser apoiadas polas familias, sempre co acordo previo dos proxenitores.

Na medida do posible e con motivo de temas de Coñecemento do medio utilizarase o contorno escolar (ben no propio recinto escolar ou nos arredores do mesmo) e as distintas visitas que se poidan realizar ao concello de Ferrol con motivo de ver algunha obra de teatro ou audición musical. Mesmo aproveitaranse as saídas ao centro da cidade dalgún grupo para que poidan facer algún estudo e observación outros grupos de alumnos, aproveitando así os recursos materiais (custo do autobús).

## 10.AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programación didáctica.	Non se adecúa ó contexto da aula.	Adecúase parcialmente ó contexto da aula.	Adecúase completamente ó contexto da aula.	
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas.	Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.	
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcázóronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcázóronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.	
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	

## **11.PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Periodicamente se revisará:

- A adecuación dos obxectivos didácticos e da selección de contidos, segundo o grao de consecución dos mesmos polo grupo de alumnos e alumnas.
- Analizarase a pertinencia das actividades propostas para conseguir os obxectivos e competencias.
- Revisarase as estratexias diversificadas para que dean resposta aos distintos ritmos de aprendizaxes dos alumnos e alumnas.
- Comentarase o funcionamento dos apoios en canto ao seu efecto, número de sesións e agrupamentos.
- Procederase ao análise dos materiais empregados.
- Nas reunións dos equipos docentes intentarase mellorar a coordinación analizando o punto no que se atopa o grupo de aula.
- Procederase tamén ao análise da distribución dos espazos na aula, de forma de buscar as posibles interaccións que posibiliten unha mellor adecuación ao traballo que se desenvolve.
- Analizarase se as reunións que se manteñen coas familias son as adecuadas en cantidade e en calidade para que os pais e nais se sintan motivados e apoien o traballo dos fillos e fillas na casa e na aula.

### **11.INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS.**

Na reunión de pais e nais, por cursos, o día 1 de outubro, se procederá a darlles conta da marcha do curso, con normas a seguir e orientacións cara ao estudo dos seus fillos e fillas.

Informáselles dos criterios de promoción de ciclo e dos obxectivos e criterios de avaliación nas distintas áreas, como a información se fai demasiado extensa se lles indicará que teñen á súa disposición ditos documentos na secretaria do centro para poder miralos cando lles sexa preciso. Infórmaselles de como será a avaliación trimestral e de onde sairá a nota de cualificación trimestral.

Ao remate de cada trimestre os pais e nais recibirán o boletín de cualificacións dos seus fillos. Esta información achegará ás familias o grao de desenvolvemento dos seus fillos e fillas canto á adquisición de contidos como tamén do seu avance en competencias.